



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
EEASSD DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

Guía docente

Título superior de diseño

Especialidade: Diseño de interiores

Disciplina: Proxectos de diseño de interiores III

Mo-
delo.
Guía
do-
cen-
te.
Ver.
01.
01/09
/2015



Índice

1. Identificación e contextualización	3
2. Descrición da disciplina	3
2.1 Descritores	3
2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.	3
2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación	3
2.4 Metodoloxía	4
3. Obxectivos	4
4. Competencias que se desenvolven na disciplina	5
4.1 Competencias transversais	5
4.2 Competencias xerais	5
4.3 Competencias específicas da titulación	5
5. Organización dos contidos.....	6
5.1 Contidos.....	6
5.2 Organización.....	6
6. Procedemento de avaliación	6



Identificación e contextualización

Datos da disciplina					
Escolas	Escola de Arte e Superior de Deseño “ Ramón Falcón”. Lugo.				
Web escolas	www.escoladeartelugo.com				
Mail escolas	info@ escoladeartelugo.com				
Materia	Proxectos de deseño de interiores				
Disciplina	Proxectos de deseño de interiores III				
Carácter	Obrigatoria na especialidade	Tipo	Teórico-práctica	Duración	Cuadrimestral
Curso	Cuarto			Créditos ECTS	12
Horas de clase semanais			4		
Horas de traballo non presencial			226		
Horas de titoría			10		

2. Descrición da disciplina

2.1 Descritores

- Investigación e proxectos. Realización de proxectos nos distintos campos da especialidade. Estudo analítico dos usos, os servizos e os produtos.
- Aplicación das estratexias e os criterios de decisión, innovación, sostibilidade e calidade.
- Aplicación das técnicas de representación e presentación para a completa definición e comunicación do deseño, tanto de cara a súa comprensión como á súa aceptación.
- Elaboración de proxectos interdisciplinares integrados.
- Normativas nos proxectos de deseño de interiores. Viabilidade do proxecto. Argumentación crítica do proxecto.
- Métodos propios de investigación e experimentación do proxecto.
- Métodos de investigación no deseño. O proceso proxectual como investigación.

2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.

Esta disciplina ten contidos progresivos coas de Proxectos de deseño de interiores I (2º curso) e Proxectos de deseño de interiores II (3º curso).

2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación

Elaborar proxectos de interiorismo, resolvendo as esixencias normativas, técnicas e funcionais específicas, reflexionando sobre os gustos, hábitos e comportamentos da sociedade actual.



2.4 Metodoloxía

Actividades introductorias

Explicación aos alumnos/as do desenvolvemento da materia ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, a metodoloxía e o sistema de avaliación.

Exposición maxistral

Explicación por parte do profesorado na aula dos contidos dos temas ou unidades didácticas enumeradas.

Prácticas presenciais

Resolución por parte do alumnado dos exercicios prácticos propostos en cada tema, a partires dos contidos teóricos.

Prácticas non presenciais

Resolución por parte do alumnado das actividades e problemas propostos nalgúns temas mediante traballos autoxestionados onde completará os coñecementos teórico-prácticos.

Exposición e debate

Exposición e defensa por parte do alumnado de algún dos traballos realizados o longo do curso.

Titorías docentes

A súa finalidade é resolver dúbidas, tutelar e coordinar as prácticas.

Actividades de avaliación

- **Formativa.**
 - Comprende o funcionamento cognitivo fronte as tarefas.
 - Adaptar os procesos aos progresos e dificultades.
- **Sumativa.**
 - Comprobar si se adquiriron as competencias previas.
 - Establecer balances dos resultados.

Actividades complementarias

Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas no centro ou fora del.

3. Obxectivos

Acadar as competencias trasversais, xerais e específicas da titulación durante o desenvolvemento da disciplina.



4. Competencias que se desenvolven na disciplina

4.1 Competencias transversais

T1 Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.

T2 Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.

T3 Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.

T4 Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.

T8 Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.

T11 Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.

T14 Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.

T15 Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

T16 Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.

T17 Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

4.2 Competencias xerais

X1 Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.

X2 Dominar as linguaxes e recursos expresivos da representación e a comunicación.

X8 Propoñer estratexias de investigación e innovación para resolver expectativas centradas en funcións, necesidades e materiais.

X11 Comunicar ideas e proxectos aos/ás clientes/as, argumentar razoadamente, saber avaliar as propostas e canalizar o diálogo.

X16 Ser capaces de encontrar solucións ambientalmente sostibles.

X19 Demostrar capacidade crítica e saber formular estratexias de investigación.

X20 Comprender o comportamento dos elementos que interveñen no proceso comunicativo, dominar os recursos tecnolóxicos da comunicación e valorar a súa influencia nos procesos e produtos do deseño.

X22 Analizar, avaliar e verificar a viabilidade produtiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas.

4.3 Competencias específicas da titulación

EI1 Xerar e materializar solucións funcionais, formais e técnicas que permitan o aproveitamento e a utilización idónea de espazos interiores.

EI2 Concibir e desenvolver proxectos de deseño de interiores con criterios que comporten mellora na calidade, uso e consumo das producións.

EI4 Analizar, interpretar, adaptar e producir información relativa á materialización dos proxectos.

EI5 Resolver os problemas estéticos, funcionais, técnicos e construtivos que xurdan durante o desenvolvemento e execución do proxecto.

EI6 Interrelacionar as linguaxes formal e simbólica coa funcionalidade específica.



EI9 Adecuar a metodoloxía e as propostas á evolución tecnolóxica e industrial propia do sector.

EI10 Coñecer os recursos tecnolóxicos da comunicación e as súas aplicacións ao deseño de interiores.

EI15 Reflexionar sobre a influencia social positiva do deseño, valorar a súa incidencia na mellora da calidade de vida e do ambiente e a súa capacidade para xerar identidade, innovación e calidade na produción.


5. Organización dos contidos

5.1 Contidos

- Adoptar os coñecementos metodolóxicos básicos do proceso de deseño.
- Coñecer e aplicar as técnicas básicas de creatividade.
- Materializar as ideas de proxecto con solucións alternativas.
- Interpretar, executar e defender os proxectos.

5.2 Organización

Distribución horaria



6. Procedemento de avaliación

A ensinanza é de carácter presencial e asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por ano académico, ordinaria e extraordinaria.